- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarias. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
5	Idade Media. Os tempos pasados.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.			
CA1.3.1. - Realizar Mapas xeográficos e históricos.	Completar os mapas cun mínimo de datos e limpeza.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Necesidade de dar datos elementais da idade Media e situando cronoloxicamente os feitos.	PE	58
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media. Dando un mínimo de datos.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.			
CA1.1.1. - Traballar e codinar o traballo en equipo e cooperativo.	Participar e entregar as tarefas cooperativas. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, traballando de forma individual, en equipo e en rede.	TI	42

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións moi sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na procura de propostas para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións, a partir da análise das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero.	Analizar de forma moi breve e moi sinxela os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Traballo escrito e oral de grupo e cooperativo. Dialogar, axudar e reflexionar para realizar un traballo común.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.</li> <li>- Completa, pinta e realizar mapas ou planisferios.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).</li> <li>- Elaboración dunha liña temporal da historia idade Media e Moderna.</li> <li>- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- O Feudalismo. Relación dos estamentos sociais da Idade Media.</li> <li>- Cultura e expansión do Al- Andalus.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Idade Moderna. Os tempos pasados.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións moi sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na procura de propostas para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións, a partir da análise das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Necesidade de dar datos elementais da idade Media e situando cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.			
CA4.3.1. - Coñecer os cambios sociais e económicos do Descubrimento de América. (Idade Moderna)	Datos elementais do Descubrimento de América.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.			
CA1.1.1. - Traballar e coordinar o traballo en equipo e cooperativo.	Participar e entregar as tarefas cooperativas. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, traballando de forma individual, en equipo e en rede.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.			
CA1.3.1. - Realizar Mapas xeográficos e históricos.	Realizar entregar mapas cun mínimo de datos.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados.	TI	50
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero.	Analizar de forma moi breve e moi sinxela os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Identificar e analizar. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Traballo escrito e oral de grupo e cooperativo. Dialogar, axudar e reflexionar para realizar un traballo común.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.
- Completa, pinta e realizar mapas ou planisferios.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- Elaboración dunha liña temporal da historia idade Media e Moderna.
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O Desubrimento de América.
- Reis Católicos e O Imperio Español.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

Os traballos individuais, serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado, tras as explicacións pertinentes e necesarias da parte básica das unidades didácticas.

En cada trimestre, traballando en grupos de 3 - 5, realizaremos unha actividade ou proxecto colaborativo (que pode ser interdisciplinar) relacionado coas unidades didácticas traballadas:

1º Trimestre: Coñecemos os Parques Nacionais de España.

2º Trimestre: Coñecer e explicar os diferentes Sectores laborais.

3º Trimestre: Vaixe a Idade Media.

Además, intentaremos realizar pequenos traballos individuais ou en parellas:

1º Trimestre: Mapa conceptual individual sobre a sustentabilidade do planeta. Mapas do planeta.

2º Trimestre: Gráficas xeográficas. CCAA con datos básicos.

3º Trimestre: Investigación individual sobre unha personaxe histórica.

Ofreceráselles, ademais, traballo e actividades online (vídeos, videoxogos, debates, test autocorrexibles...) a maiores, para estudar, repasar e/ou para poder subir nota, voluntarios e non obrigatorios.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

No noso centro estamos a implantar un modelo pedagóxico xeral, baseado nos seguintes principios metodolóxicos:

-A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

-A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo

o traballo colaborativo, individual, e tamén en equipo. O docente aparece como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. No traballo cooperativo poderemos empregar certas técnicas como: lectura compartida, parada de tres minutos, folio xiratorio, 1-2-4, lápices ó centro).

-Preténdese traballar un proxecto grupal por trimestre, pois axudan ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Terán que asumir diferentes roles no grupo, e expoñer o resultado final

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Santillana. (English)
Mapas Conceptuais
Pantalla dixital
Biblioteca de Etapa
Fotocopias da materia
Globo Terráqueo
Axenda Escolar
Globo Terráqueo
Mapas e Planisferio
Atlas de clase e persoal
Web: Evocación da editorial Santillana

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son o E.O.E, as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, circuítos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

Diferentes tipos de recollida de información: actividades, test, traballos individuais.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	55	52	50	55	58	50	<b>53</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	45	48	50	45	42	50	<b>47</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores. As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación de cada trimestre, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións que compoñen o trimestre, en función das porcentaxes de cada criterio e de cada actividade ou instrumento de avaliación.

- Probas escritas:

o Exames escritos ou test (50%)

(Preguntas abertas, Preguntas breves, pequenos test, Completar esquema, Completar texto, Analizar gráficas ou debuxos, Relacionar preguntas.)

- Indicadores de Logro:

o Traballo en Equipo / Cooperativo. Deben seguir o cargo designado e traballar en equipo aceptando as súas tarefas. (Utilizamos rúbricas para avaliar) (30 %)

Rúbricas do traballo Cooperativo ou grupal.

1. Participación en las Reuniones do grupo.

2. Buscar, seleccionar y contrastar información, de diferentes fuentes. Adquiriendo léxico.
3. Exposición oral del alumno dentro del grupo y en exposición en clase.
4. Realización de fichas personales o apartados dentro del grupo.
5. Cumplimiento de plazos de entrega y normas de presentación.
6. Asimilación de las normas de participación las rutinas y hábitos de convivencia.
7. Nivel de conversación y ruido.
8. Participar con actitud emprendedora.
9. Resolución de Conflictos e relación grupal
10. CARPETA GRUPO (PRESENTACIÓN Y CONTENIDO)

o Producción Propia do alumno.

Posibles Producción; Mapas conceptuais, Exercicios, Esquemas de elaboración propia e Fichas de traballo. Comprensión escrita (20%)

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación de cada trimestre, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as calificacións que compoñen o trimestre, en función das porcentaxes de cada criterio e de cada actividade ou instrumento de avaliación.

1º Trimestre: 35 %

2º Trimestre: 35 %

3º Trimestre: 30%

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

O longo do curso, daráselles oportunidades o alumnado para recuperar actividades ou probas escritas.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

É dicir, favorecerase o acceso universal ao currículo, xeneralizando o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. Estas medidas clasificadas en ordinarias e

extraordinarias atópanse concretadas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Ademais, cando o centro conte cun diagnóstico clínico ou educativo do Departamento de Orientación e/ou do EOE, poranse en marcha procedementos específicos para cada necesidade educativa que abranguerán todo o proceso de ensino aprendizaxe, afectando á metodoloxía, organización de tarefas, actuacións na aula para o reforzo psicolóxico e por suposto á avaliación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para A saúde			X	X		
ET.2 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión oral. Dar un discurso con coherencia.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X		
ET.6 - Empatía, actitude de non-discriminación e respecto das diferenzas (raza, etnia, orixe, relixión, tradicións, ideoloxías, costumes...)	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación Cívica			X	X		
ET.8 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito e a democracia			X	X	X	X
ET.10 - Comprensión de texto. (Un lector competente é un cidadán activo capaz de participar nunha sociedade democrática.)	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Consumo responsable e axeitado.			X	X		
ET.12 - Pensamento crítico e creativo	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita O Grove. Museos	Actividades Medioambientais	X		
Magosto.	Actividade cultural.	X		
Visita Acuario da Coruña.	Proxecto "As Nosas Rías"		X	
Día da paz e Non violencia escolar.	Actividade cultural.		X	
Semana da Prensa. Liberdade de Expresión.	Actividade cultural.		X	
Olimpiada SEI (Grupo Escolar)	Olimpiada Cultural- Deportiva. Madrid. Sevilla La Nueva.			X
Visita a Madrid	Proxecto actividades do centro educativo. Warner. Faunia,			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Tarefas adaptadas.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptar as medidas axeitadas para atención dos casos do ciclo.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguir un bo ambiente de convivencia.
Rol do docente
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Motivación e diversidade de actividades.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Procedementos educativos
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

**Descrición:**

O explicar e dialogar da avaliación debemos ter en conta a práctica docente. Artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para levar a cabo dita avaliación. (Durante a UD e ao remate da mesma)  
Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe Tamén levaremos un seguemento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens.

**9. Outros apartados**